

ano Celso Emilio Ferreiro

PROGRAMA DE ACTIVIDADES 2012



XUNTA DE GALICIA

ano Celso Emilio Ferreiro

Ler, mirar, crear, explorar, investigar, xogar...
unha mancha de propostas
para descubrir un dos principais autores
da literatura galega do século XX

Este ano 2012 cúmprese os cen anos do nacemento de Celso Emilio Ferreiro, o poeta de Celanova que axudou a renovar a literatura galega e a difundir a nosa cultura dentro e fóra de Galicia. É tamén o 50º aniversario da publicación do seu libro *Longa noite de pedra*, unha obra fundamental na súa traxectoria e un dos poemarios en galego máis destacadas da posguerra. Co obxectivo de poñer en valor a súa importante actividade literaria e política, de compromiso con Galicia e de defensa das liberdades democráticas, o Parlamento de Galicia acordou por unanimidade declarar o 2012 Ano Celso Emilio Ferreiro.

Ler, mirar, crear, explorar, investigar, xogar... o Ano Celso Emilio Ferreiro concentrará unha ampla diversidade de propostas para descubrir un dos autores máis destacados da literatura galega do século XX. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria presenta para os vindeiros meses un completo programa de actividades co que achegar a obra e a personalidade de Celso Emilio Ferreiro á cidadanía de toda Galicia e, en especial, a aquelas persoas que non acoden habitualmente aos circuitos convencionais de cultura.

Son partícipes desta programación, ademais dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia, múltiples entidades públicas e privadas, como a Fundación Cidade da Cultura, Agadic, concello de Celanova, Real Academia Galega, universidades estranxeiras, empresas editoriais e, particularmente, a Fundación Celso Emilio Ferreiro.

Estas colaboracións permitirán contar este ano cunha exposición multimedia itinerante, actos académicos e artísticos para difundir a súa figura, novas biografías para as bibliotecas públicas, novos materiais didácticos para os escolares, versos nos escaparates da vila natal do poeta ou actividades de posta en valor en rúas e escolas que levan o seu nome.

A Xunta de Galicia asume así o compromiso de conmemorar esta figura fundamental da nosa cultura e da nosa lingua e facer partícipe desta celebración a sociedade galega no seu conxunto.



DIFUSIÓN SOCIAL DA OBRA DE Celso Emilio Ferreiro

2012 Centenario de **Celso Emilio Ferreiro**

Cen poemas en Celanova

100
de 100

A poesía na rúa

Campaña *Cen anos, cen comercios, cen poemas*

Os poemas de Celso Emilio vertebran o eixe central desta actuación.

Calquera viandante atopará versos do poeta impresos en vinilo e expostos nos escaparates da vila natal do autor. Trátase dunha actuación singular e integradora que, grazas á colaboración dos comerciantes de Celanova, permite achegar a cultura a través de circuitos non convencionais, facendo a poesía presente e viva na rúa.

A campaña ten tamén unha dimensión escolar, orientada aos estudantes que visiten en 2012 a Casa dos Poetas de Celanova, cun xogo literario ao redor do coñecido poema *Longa noite de pedra*.

Os establecementos participantes dispoñen dun libro que recompila os poemas seleccionados e que inclúe, un resumo da biografía do poeta.

Promoven esta campaña o Concello de Celanova, Fundación Curros Enríquez-Casa dos Poetas, Secretaría Xeral de Cultura, Secretaría Xeral de Política Lingüística e Dirección Xeral de Comercio.

Celso Emilio na Rede

Espazo web www.celsoemilioferreiro.org

A vida, a obra, as imaxes do álbum familiar, os sons e a música que inspirou Celso Emilio Ferreiro están recollidas neste espazo web monográfico que se creou con motivo do Ano Celso Emilio Ferreiro.

O obxectivo é difundir o legado artístico do autor e dar a coñecer un pouco mellor a súa extraordinaria personalidade. Baixo a coordinación de contidos da Fundación Celso Emilio Ferreiro, e promovida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, a web fai un rigoroso percorrido pola traxectoria desta figura senlleira da cultura galega e serve como base documental de libre acceso para a formación de escolares e adultos.

Na web pódense coñecer as diferentes etapas vitais polas que pasou o autor, toda a súa creación literaria, unha ampla fonoteca con diversas gravacións, a bibliografía sobre a súa figura e a discografía que se inspirou nos poemas de Celso Emilio.

Para contribuír á difusión da cultura galega máis alá da nosas fronteiras e facilitar a formación no exterior, a web está dispoñible en tres idiomas: galego, castelán e inglés.



Mostra multimedia nos concellos de Galicia

Exposición interactiva itinerante

A figura de Celso Emilio Ferreiro viaxará todo este ano 2012 por diversas localidades galegas a través dunha mostra interactiva e itinerante que mestura contidos virtuais e obxectos físicos do autor.

É unha biografía multimedia a través da obra, das imaxes, dos fetiches, dos sons e da voz do propio autor, que se estrutura ao redor dunha pantalla de acceso táctil a aplicacións interactivas e dunha mesa de luz con obxectos persoais de Celso Emilio, como as súas lentes ou as súas cartas, grazas á colaboración da Fundación Celso Emilio Ferreiro.

A mostra, promovida pola Secretaría Xeral de Cultura e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, vaixe instalar en períodos de dúas semanas nas bibliotecas nodais de Vigo, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, A Coruña e Pontevedra, así como en centros de ensino secundario doutras nove localidades.

Vivo na rúa Celso Emilio Ferreiro

Campaña de difusión casa a casa

Explorando novas vías de divulgación, no mes de abril distribuírse nas caixas de correo das vivendas situadas na rúa Celso Emilio Ferreiro de 28 localidades galegas unha atractiva publicación divulgativa da vida e da obra do poeta.

O nome da campaña xoga co dobre sentido da palabra “vivo”, coa idea de habitar unha rúa que leva o nome de Celso Emilio pero tamén coa dun Celso Emilio “vivo” entre todos nós. O obxectivo é por en valor o legado do autor, ao tempo que se xera un sentimento de pertenza, de identificación e de orgullo por habitar rúas con historia e evocadoras de valores positivos.

Dirixida directamente aos fogares, esta campaña organizada pola Xunta de Galicia chegará a cidadáns e cidadás sen hábito de acudir a eventos culturais.

A vila natal, un referente

Actividade cultural o ano enteiro en Celanova

A vila natal de Celso Emilio Ferreiro foi un referente na súa obra e será tamén un referente na celebración deste Centenario. As institucións culturais de Celanova promoven un completo programa de actividades para difundir a vida e a obra do poeta.

Actividades de expresión artística con escolares, como a pintura de murais nas rúas, presentacións de monográficos sobre o autor ou a organización de charlas serán, entre outras, as propostas desenvolvidas con motivo da efeméride.

E dentro do programa Letras Vivas da biblioteca municipal de Celanova, promovido pola Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, están previstas tamén actividades de animación á lectura ao redor da obra de Ferreiro.

ACTUACIONES MULTIARTÍSTICAS

CEODASLETRAS
GALICIA SÁBADOS DE *autor*

Música, audiovisual e poesía

Concertos sobre poemas de Celso Emilio

Os versos de Celso Emilio Ferreiro servirán de inspiración para dous espectáculos musicais de homenaxe ao autor, que terán lugar en abril e xuño en Celanova e Vigo, respectivamente, baixo a produción de Agadic.

Cun formato de confluencia, mesturarán a creación musical, a audiovisual e a poesía. Dous espazos para mostrar creatividade e celebrar o legado que Celso Emilio Ferreiro deixou na nosa cultura.

Outra forma de saborear as letras

Galicia, ceo das letras. Sábado de... Celso Emilio Ferreiro

A Cidade da Cultura honra a este “nome incontestable do firmamento literario galego” dentro do seu ciclo *Galicia, ceo das letras*, unha proposta para saborear a literatura cunha mirada fresca, lúdica e divulgativa.

A primeira sesión, que terá lugar no mes de abril, iniciarase cunha charla sobre a súa vida e a obra, impartida por un estudoso de referencia, e dará paso logo a unha actuación artística.

Os nenos tamén terán o seu espazo dentro desta proposta. Na Biblioteca de Galicia, na mesma Cidade da Cultura, desenvolverase unha actividade lúdica de lectura de poemas de Celso Emilio Ferreiro especialmente deseñada para o público infantil.

Poemas de Celso Emilio na boca dos poetas

IV Edición da Festa da Palabra, dedicada ao autor de Irmaus

A Fundación Insua dos Poetas, promovida polo presidente do Centro PEN-Galicia, dedicarlle a IV edición da Festa da Palabra a Celso Emilio Ferreiro. Esta actividade programada cada ano no mes de xullo quere favorecer o diálogo entre a literatura e as diferentes artes ou calquera outra actividade que favoreza a liberdade creativa.



Celso Emilio Ferreiro

EDICIÓN CONMEMORATIVAS

Un estudo completo sobre a vida do autor

Edición da biografía de Celso Emilio Ferreiro

Con motivo do centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro vai ver a luz unha nova, extensa e rigorosa biografía do autor celanovés. Unha obra de máximo rigor desenvolvida por Edicións Xerais coa colaboración da Xunta de Galicia.

Ao longo do ano, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria enviará o libro á totalidade das bibliotecas públicas de Galicia, para que estea dispoñible para toda a cidadanía.

Páxinas de prensa de Celso Emilio Ferreiro

Recompilación dos artigos xornalísticos de Celso Emilio Ferreiro en ABC


Edicións Xerais e a Xunta de Galicia colaboran tamén na edición dunha recompilación con estudo dos artigos que Celso Emilio Ferreiro publicou na sección "Mirador literario: escrito gallego" do diario ABC entre 1973 e 1979.

A obra enviarase a todas as bibliotecas públicas de Galicia e difundirase tamén noutros países como Arxentina.



DIFUSIÓN EXTERIOR DA OBRA DE Celso Emilio Ferreiro

Celso Emilio Ferreiro



Os mellores versos para outras linguas

Edicións bilingües de *Longa noite de pedra*

Castelán-galego

O poemario *Longa noite de pedra* contará a partir deste ano cunha nova edición bilingüe castelán-galego ilustrada por María Lires e cun estudo previo e tradución de Ramón Nicolás.

A obra, editada por Auga Editora co apoio da Xunta de Galicia e do Ministerio de Cultura, permítelle ao lector de fala castelá achegarse á versión orixinal de cada poema e, ao mesmo tempo, coñecer os datos máis relevantes do perfil biográfico do escritor.

A nova edición está especialmente orientada a acadar unha maior difusión da obra máis coñecida de Celso Emilio Ferreiro en América Latina, polo que se presentará na Feira do Libro de Bos Aires o vindeiro mes de abril.

Inglés-galego

A tradución ao inglés de *Longa noite de pedra* incluírase na nova entrega de *Galician Classics* da Xunta de Galicia, unha colección que recompila os grandes títulos da nosa literatura en inglés.

Esta coidada edición, que achega o mellor da nosa literatura aos lectores de fala non galega, ten ademais un dobre interese, xa que permite iniciar ao lector na lingua orixinal do poema, o galego, e achegarse á súa feitura de orixe.

A preparación da obra corre a cargo de Jonathan Dunne e presentárase en centros de estudos galegos de diferentes universidades do Reino Unido.

Francés-galego

Este ano *Longa noite de pedra* contará tamén cunha edición bilingüe galego-francés, preparada por Editions L'Harmattan, de París, cunha tradución ao coidado de Denise Pyroche e de Emma Lázare Rodríguez.



Coñecemento e recoñecemento exterior

Difusión en feiras e eventos internacionais

Co fin de contribuír ao coñecemento e recoñecemento da obra de Celso Emilio fóra das fronteiras de Galicia, a Xunta de Galicia promoverá actos de presentación das edicións conmemorativas bilingües en eventos internacionais programados, como as Feiras do Libro que se celebran en diferentes países ou as actividades culturais dos lectorados de universidades de España e do estranxeiro.

Nas feiras internacionais, daráselle difusión á web trilingüe www.celsoemilioferreiro.org, coa distribución dun marca páxinas co poema *Longa noite de pedra* en galego-español e galego-inglés.

Un achegamento en verso á lingua galega

Recitais poéticos bilingües en universidades e centros do estranxeiro

Os poemas de *Longa noite de pedra*, traducidos ao inglés e ao castelán, chegarán no mes de outubro aos países de fala hispana e inglesa a través dun conxunto de recitais bilingües.

Estes encontros ao redor do poemario de Celso Emilio Ferreiro forman parte das actividades de difusión cultural programada para este ano 2012 e supoñen un achegamento á lingua galega no exterior.

Celebraranse en universidades que contén con centros de estudos galegos, así como en centros do Instituto Cervantes e na Fundación Galicia Europa de Bruxelas.

Celso Emilio Ferreiro en Madrid

Acto divulgativo na Casa de Galicia

O vindeiro mes de xuño, coa colaboración da Fundación Celso Emilio Ferreiro, terá lugar na Casa de Galicia, en Madrid, un acto para favorecer a difusión da conmemoración do centenario do autor e promover, así, fóra de Galicia un maior coñecemento da súa obra e da súa singradura vital.

ACTIVIDADES FORMATIVAS PARA ESCOLARES

Celso Emilio nas aulas tecnolóxicas

Unidades didácticas dixitais para o proxecto Abalar

A figura de Celso Emilio Ferreiro chegará aos centros de primaria e secundaria a través das novas tecnoloxías, dentro do proxecto Abalar da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. No vindeiro mes de marzo distribuiranse dúas unidades didácticas dixitais sobre a súa vida e a súa obra.

Estas unidades didácticas terán un carácter interactivo e promoverán a busca de datos na web conmemorativa www.celsoemilioferreiro.org. O obxectivo é favorecer o uso das TICs no aprendizaxe da aula, fomentar a procura de información na rede e sacarlles proveito ás ferramentas desenvolvidas para este Ano Celso Emilio Ferreiro.

Un achegamento lúdico e dinámico

Xincana escolar en Celanova

Dentro da campaña *Cen anos, cen comercios, cen poemas* desenvolverase ao longo de todo o ano 2012 un xogo literario dirixido aos escolares que visitan a Casa dos Poetas de Celanova. A actividade consiste en que os rapaces localicen, coa axuda dun plano-guía, as estrofas do poema *Longa noite de pedra* entre os versos que se exhiben nos escaparates dos comercios da vila encargados de acreditar co seu selo o percorrido.

É un achegamento á obra do poeta desde un enfoque lúdico e dinámico, moi axeitado para as idades dos escolares.

Coñecemento, estima e identificación

Os centros celebramos o Ano Celso Emilio Ferreiro

No vindeiro mes de setembro convocarase nos centros educativos de primaria e secundaria un concurso escolar ao redor da figura do poeta. Para participar, os alumnos e alumnas terán que elaborar traballos colectivos en formato dixital sobre a súa vida e obra.

Valorarase o rigor dos contidos, as fórmulas de presentación máis axeitadas para o medio electrónico, así como a orixinalidade das propostas. Os dous mellores traballos premiaranse cun lote de produtos para a aula e faranse públicos a través da web www.celsoemilioferreiro.org

O obxectivo desta iniciativa promovida pola Consellería de Cultura, Educación e Orientación Universitaria é fomentar entre os estudantes a estima e a conciencia do valor do escritor e da súa poesía.



REFLEXIÓN E PENSAMENTO ARREDOR DO AUTOR



Análise e difusión da vida e da obra de Celso Emilio Ferreiro Congreso Celso Emilio Ferreiro

Baixo a organización da Fundación Celso Emilio Ferreiro e das universidades galegas, coa colaboración da Xunta de Galicia, vai ter lugar en 2012 un congreso de referencia para achegar novas perspectivas ao estudo da vida e da obra do escritor e político. Con este espazo de debate e pensamento preténdese contribuír ao estudo e ao debate rigoroso sobre Celso Emilio Ferreiro, ademais de favorecer unha maior difusión social e un meirande coñecemento do seu legado.

Homenaxe da lingua e da cultura Sesión extraordinaria da Real Academia Galega en Celanova

A Real Academia Galega celebrará unha sesión extraordinaria na vila de Celanova co fin de render homenaxe ao autor ourensán.

Desta maneira, a Xunta de Galicia e as principais institucións da lingua e da cultura de Galicia contribúen á programación de actuacións conmemorativas no contexto da celebración do Ano Celso Emilio Ferreiro.



Celso Emilio e a emigración

Xornada do Consello da Cultura Galega

O Consello da Cultura Galega súmase a programación de actividades do Ano Celso Emilio Ferreiro coa celebración no mes de maio da xornada *Xigantes ou ananos? Celso Emilio Ferreiro e o debate sobre a emigración na historia de Galicia*.

Neste foro debaterase sobre o pasado e o presente da emigración galega, avaliando desde unha perspectiva actualizada a discusión provocada no seu momento pola publicación da obra de Celso Emilio *Viaxe ao país dos ananos*.

Ética e poética

Curso de verán da Universidad Internacional Menéndez Pelayo

A Universidad Internacional Menéndez Pelayo vai dedicar ao poeta un dos seus cursos de verán, co título *Celso Emilio Ferreiro (1912-2012): Ética e poética*. Celebrarase no mes de xullo en Celanova e abordará a ética vital do autor e a súa poética de signo eminentemente social.

Dirixido polo catedrático de Teoría da Literatura da Universidade da Coruña, José María Paz Gago, o curso está enfocado a estudantes e investigadores da área das ciencias sociais e humanidades.

CALENDARIO 2012 DAS PRINCIPAIS ACTIVIDADES PROGRAMADAS

XANEIRO	<ul style="list-style-type: none"> • Campaña <i>Cen anos, cen comercios, cen poemas</i>, de xaneiro a decembro en Celanova, con xincanas para escolares
FEBREIRO	<ul style="list-style-type: none"> • Web monográfico do escritor www.celsoemilioferreiro.org • Edición bilingüe castelán-galego de <i>Longa noite de pedra</i>, ilustrada (Auga Editora)
MARZO	<ul style="list-style-type: none"> • Exposición interactiva sobre Celso Emilio Ferreiro itinerante nas bibliotecas nodais, de marzo a setembro • Unidades didácticas dixitais sobre Celso Emilio, para primaria e secundaria • Edición bilingüe inglés-galego de <i>Longa noite de pedra</i>, na colección <i>Galician Classics</i>
ABRIL	<ul style="list-style-type: none"> • Campaña <i>Vivo na rúa Celso Emilio Ferreiro</i>, en 28 localidades • <i>Galicia, ceo das letras</i> sobre Celso Emilio Ferreiro, na Cidade da Cultura • Edición da recompilación de artigos de Ferreiro en ABC (Xerais) • Actividades de difusión do autor na Feira do Libro de Bos Aires e promoción do web www.celsoemilioferreiro.org, en inglés, castelán e galego • Concerto-homenaxe a Celso Emilio Ferreiro en Celanova (Agadic)
MAIO	<ul style="list-style-type: none"> • Xornada <i>Xigantes ou ananos? Ferreiro e o debate sobre a emigración na historia de Galicia</i>, do Consello da Cultura Galega • Edición bilingüe francés-galego de <i>Longa noite de pedra</i>, de Éditions l'Harmattan
XUÑO	<ul style="list-style-type: none"> • Espectáculo musical en Vigo arredor dos poemas de Celso Emilio Ferreiro (Agadic) • Edición da biografía de Celso Emilio Ferreiro (Xerais) • Sesión extraordinaria da Real Academia Galega en Celanova • Acto conmemorativo na Casa de Galicia en Madrid
XULLO	<ul style="list-style-type: none"> • Curso da Universidade Internacional Menéndez Pelayo <i>Celso Emilio Ferreiro (1912-2012): Ética e poética</i>, en Celanova • IV Festa da Palabra, da Ínsua dos Poetas, dedicada a Celso Emilio
SETEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> • Exposición interactiva sobre Celso Emilio Ferreiro en itinerancia en centros escolares, ata decembro • Concurso escolar sobre Celso Emilio Ferreiro
OUTUBRO	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de difusión da obra de Celso Emilio Ferreiro nos Centros de Estudos Galegos de universidades estranxeiras, en centros do Instituto Cervantes e en Bruxelas
NOVEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> • Congreso sobre Celso Emilio Ferreiro, promovido pola Fundación Celso Emilio Ferreiro e as universidades galegas

galicia

a Celso
Emilio
Ferreiro
2012

ano Celso Emilio Ferreiro
PROGRAMA DE ACTIVIDADES 2012

Celso Emilio Ferreiro



XUNTA
DE GALICIA